



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Vigo ao norte e Nigrán ao sur. Parroquias: San Miguel de Oia e San Xurxo de Saiáns en Vigo; San Mamede de Priegue e San Xoán de Panxón no sueste. Extensión: 7,55 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade situada entre a Punta Sobreira e o alto de Monteferro, con franxa costeira baixa na que alternan áreas acantiladas e sedimentarias. Cantís de pouca potencia e con frecuencia cunha fronte rochosa a xeito de plataforma que os precede localizándose os tramos máis significativos na metade norte da unidade. Pola súa parte os enclaves sedimentarios están formados principalmente por praias de area e coios destacando os complexos areosos das Canas e de Patos na enseada Carreira ou de Patos no extremo sur nas que tamén se observan restos de plataforma. A vertente con relevo suave de pouco desnivel na metade sur pola existencia de materiais xistosos mentres que cara ao norte e oeste a natureza granítica do substrato orixina unha pendente moderada que ademais alcanza maior prolongación continental seguindo o val do arroyo Saiáns ata a súa cabeceira no macizo granítico do Cabezo de Saiáns. Inclúe o EIX Penínsulas de Galicia: Monte Ferro e o EIX Plataforma costeira de Monte Ferro.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A estrutura litolóxica da zona é complicada. Na parte interior dominan as rochas ígneas, concretamente os granitos de feldespato alcalino, mentres que na franxa inmediata á costa, o substrato é tremendamente cambiante. No norte atopan outro tipo de granitoides, aínda que esta vez de afinidade calcoalcalina: as granodioritas con megacristais feldespáticos; pero na metade sur, a partir da Punta do Priegue, dáse o dominio das rochas sedimentarias do Complexo de Cabo Home - A Lanzada (xistos, lousas e paragneises), que se prolongan aínda que interrompidamente, ata Monteferro, presentando vetas de niveis silicatados, metaconglomerados e diabasas. Estes materiais quedan interrompidos pola presenza de depósitos eluviais que culminan na Enseada de Patos, onde ademais se dan acumulacións de area tamén de Época cuaternaria. Outros materiais deste tipo son os que aparecen asociados aos vales dalgúns dos maiores leitos fluviais, tratándose neste caso de depósitos aluviais.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente de réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: temperatura media anual maior de 14° C e amplitude térmica media entre 12,5°C e 13,5°C. En canto ás precipitacións acumuladas sitúanse no rango de 1200 mm a 1400 mm ao ano sendo maiores de media ladeira a cabeceira do val (alto de Outeiro Grande), sector de ambiente Cálido-Moi Húmido con valores de 1400 mm a 1800 mm.

OS SOLOS

Fronte costeira con pequenos enclaves de arenosoles álbicos e hápicos asociados aos depósitos sedimentarios, sobre todo no areal de Patos ao sur. Non obstante, como sucede en boa parte das unidades deste sector, a paisaxe está moi transformada debido á presión urbanística e o auxe do sector turístico o que motivou a modificación dos solos orixinais e en consecuencia a expansión dos antroposoles. A vertente, aínda que tamén densamente urbanizada, presenta puntualmente áreas de cambisoles dísticos na súa metade inferior que pasan a ser umbrisoles dístico-lépticos nos tramos de maior pendente e de cabeceira, como se pode apreciar ao redor do Cabezo de Safáns ao leste da unidade.


AS AUGAS

Entre o Cabo Estai e a Enseada de Patos, nas Augas Costeiras 20159, aparecen catro arroyos destacables que constitúen basicamente a rede hidrográfica da unidade. O arroyo do Charco desemboca na praia do Fortiñón, e o de Saián na dos Muíños. Outros arroyos menores recollen as augas de escorrentía desta unidade, como o que verte ás Augas Costeiras de Cabo Estai (20159) no norte da praia de Patos, denominada praia das Canas.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence á área de interese para as aves (IBA) Contorno mariño das Rías Baixas. Costa mixta de dominio rochoso dende Punta Sobreira a Punta do Priegue e sedimentaria na Praia das Canas. A costa rochosa conta con acantilados mariños atlánticos (1150), baixos, sobre os que nalgúns sectores se desenvolven matogueiras costeiras, pero a súa composición vexetal dista moito de ser a propia dos hábitats naturais (4030 e 4040) -existe algunha excepción como o sector entre Praia do Priegue e Praia dos Muíños-. Realmente a fronte costeira ten a súa vexetación degradada por axardinamentos e urbanismo, con zonas tomadas por especies bioinvasoras. Ao interior desenvólvese un dos sectores máis caóticos e densamente urbanizados das áreas non urbanas de Galicia. Aínda así, o Rego do Charco configúrase como un bo corredor ecolóxico (91E0), con importantes masas mixtas que conservan notable proporción de especies autóctonas. Con menor pureza preséntase o arboredo achegado polo regueiro de Priegue. Outra formación de interese atópase entre Sancho e A Rabadeira.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na parte nororiental da unidade, debido ao seu carácter máis montañoso, dominan os espazos ocupados por monocultivos forestais, entre os que se abren algúns claros ocupados por matogueira de substitución. A medida que descendemos en altitude e nos achegamos á costa, aparecen novos usos como o agrícola e as áreas dedicadas a un uso residencial, entre as que se intercalan manchas ocupadas por matogueira atlántica. De menor importancia son os espazos ocupados por rodais de carballo e formacións vexetais costeiras que, non obstante, achegan gran calidade ao conxunto da paisaxe. Asociado ao curso do río de Saiáns, que forma fronteira natural entre os municipios de Vigo e Nigrán, aparece un bosque de ribeira de grande importancia ecolóxica e que se estende ata as proximidades da costa onde destaca a formidable praia de Patos. Flanqueando este areal xorde todo un rebordo acantilado de escasa altura que oculta unha serie de pequenas calas moi concorridas durante o estío.

MORFOLOXÍA

Esta zona presenta dous ámbitos diferenciados. Por un lado a chaira litoral, caracterizada por un asentamento difuso de vivendas unifamiliares, común a toda a periferia de Vigo, pero que nesta unidade ten unha densidade algo menor que nas proximidades da cidade, conformando unha textura alveolar na que a presenza de espazos verdes é relativamente máis frecuente, sobre todo nos corredores transversais dos arroyos e cursos de auga existentes. Por outro lado as cotas máis altas corresponden ás ladeiras dos montes de Solodebrito; trátase de espazos que non sufriron transformacións urbanísticas, mantendo cubertas forestais e de matogueira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Como acontece con todo o agregado que se desenvolve ao sueste de Vigo, o asentamento estrutúrase sobre dúas estradas paralelas á costa: a PO-325 que une Vigo con Nigrán que discorre máis próxima á costa, e a C-550 que une Vigo con Baiona que segue unha traza interior, sobre a liña de inflexión de pendentes. Como tamén acontece en todas as zonas periurbanas destas características, o viario secundario e de menor categoría é moi denso, conformando unha malla moi tupida que serviu de soporte á construción de edificacións unifamiliares.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Este espazo costeiro estivo poboado dende moi antigo tal e como o testemuñan os numerosos depósitos e restos arqueolóxicos atopados, especialmente na parroquia de San Mamede de Priegue. Destacan os numerosos petroglifos (As Presas do Monte, de Navas, de Lago, Chan do Pateco, etc.) e a presenza dalgún castro de relevancia como o de Lameiras. Así mesmo existe un depósito romano denominado de Xermaña situado na parroquia de San Xoán de Panxón. Dentro do patrimonio relixioso destacar o conxunto parroquial de San Xurxo en Saiáns de bela factura e singular campanario.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Aínda formando parte do amplo agregado metropolitano que se desenvolve cara ao sueste de Vigo, esta unidade presenta unha densidade de ocupación algo inferior á das zonas máis próximas á cidade e tamén á do complexo Nigrán-A Ramallosa. Presenta por iso unha textura máis uniforme, na que se detectan menos fitos diferenciadores ou de referencia. En calquera caso, a súa situación e vinculación ás praias, principalmente Patos, confiren a este ámbito o mesmo carácter dos do seu ámbito, é dicir, unha zona de recente urbanización difusa cuxas potencialidades a orientan cara á consecución de ámbitos urbanos de alta calidade.

DINÁMICA DA PAISAXE

Nesta unidade produciuse a mesma evolución territorial que se describiu noutras limítrofes da periferia de Vigo: o crecemento da cidade, a potenciación de usos turísticos e de ocio, e neste caso a forte atracción que exercen as zonas costeiras para a implantación de segundas residencias, foron transformando sucesivamente a paisaxe agrícola tradicional da chaira litoral, que non obstante, conserva aínda moitos espazos intersticiais non ocupados. Pola súa banda, as ladeiras dos montes de Solodebrito non se viron transformadas, e compoñen o pano de fondo da paisaxe afastada da ría.



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Neste tramo de costa atópanse os puntos da beira sur da ría de Vigo máis próximos ás illas Cíes. Por outro lado a península de Monteferro confire un maior peche visual que ás unidades limítrofes polo norte. Por todo iso, nesta unidade pódense destacar os valores paisaxísticos dos puntos de observación situados en cotas baixas, aínda que comparte con outras áreas da ría de Vigo o perfil xerarquizado (franja urbana litoral e montes do fondo escénico) e a especial relación de visuais cruzadas entre ambas as dúas beiras da ría, as illas Cíes e outros focos visuais de referencia.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.754

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



